

EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 10 DE XULLO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Acordouse aprobar as actas das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local núm. 27/2017 e 28/2017 de datas 26 de xuño de 2017 e 3 de xullo de 2017.

2.- EXPEDIENTE 2166/2017. INFORME DESESTIMANDO RECURSO REPOSICIÓN PRAZA POLICÍA LOCAL. ACTA PARA NOMEAMENTO EN PROPIEDAD POLO PROCEDIMENTO ORDINARIO MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE DUN PRAZA DA CATEGORÍA DE POLICÍA LOCAL COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CONCELLO DE LALÍN.

Acordouse **Desestimar** o recurso potestativo de reposición fronte á cualificación do quinto exercicio de data 23 de maio de 2017 emitida polo

tribunal cualificador do proceso selectivo dunha praza de Policía Local convocada por este Concello.

3.- EXPEDIENTE 2621/2017. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA RP 4/2017.

Acordouse estimar a concorrencia de responsabilidade patrimonial do Concello de Lalín e, estimando a reclamación presentada.

4.- EXPEDIENTE 3180/2017. APROBACIÓN DE CONVENIO.

Acordouse aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.

5.- EXPEDIENTE 3174/2017. APROBACIÓN DE CONVENIO.

Acordouse aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

6.- EXPEDIENTE 3181/2017. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (BASE DE DATOS SUBVENCIÓN).

Deuse conta do escrito remitido pola Deputación de Pontevedra, co que achegan Resolución Presidencial de data 26 de xuño de 2017, de autorización ó Concello de Lalín para o reinvestimento da baixa xerada na obra “*Subministración eléctrica para local social e instalacións anexas ó Campo de Fútbol*” .

7.- EXPEDIENTE 3060/2017. BASES CERTAME FOTOGRAFÍA ROTEIROS DE LALÍN.

Acordouse aprobar as bases do Iº Certame de Fotografía Roteiros de Lalín que se achegan en documento anexo dentro do expediente electrónico 3060/2017.

8.- EXPEDIENTE 3076/2017. ALTAS E BAIXAS PARQUING.

Acordouse aprobar varias altas e baixas de prazas de aparcamento no Parquing Aldea Grande.

9.- EXPEDIENTE 3172/2017. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (BASE DE DATOS SUBVENCION).

Acordouse autorizar o peche da rúa Ramón Aller dende a confluencia da rúa Colón ata a rúa Observatorio. Dende as 20:00 horas do día venres 28 de xullo ata as 4:30 horas do día sábado día 29 de xullo.

10.- EXPEDIENTE 3183/2017. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (SECRETARIA XERAL).

Quedou pendente para un mellor estudo.

11.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3243/2017. PROXECTO ORVE.

Acordouse a adhesión ao convenio para empregar o ORVE permitirá ao Concello de Lalín o intercambio de documentación a través do rexistro virtual, un requisito esixido para o intercambio de documentación no proxecto DUSI.

12.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3222/2017. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (FACTURAS).

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00050 por importe de 35.242,66 €.

13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3178/2017. MODIFICACIÓN OU RENUNCIA DE LICENZA URBANÍSTICA.

Acordouse a modificación dun orzamento de licenza de obra concedida para INSTALACIÓN DE CEBADEIRO DE PORCINO, preto do lugar de Os Muiños, parroquia de Vilanova, de Lalín.

14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 666/2017. RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN CSE042017.

Quedaron enterados da resolución adoptada o día 30 de xuño de 2017 polo Tribunal Administrativo Central de Recursos contractuais en relación co expediente de contratación denominado “SERVIZO DE MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES, PARQUES, XARDÍNS E ARBOLEDO DO CONCELLO DE LALÍN” .

15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2439/2017. CONCESIÓN TARXETA DE APARCAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE 16/2017.

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 16/2017 con carácter provisional ata o 17/07/2018.

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1005/2017. CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN. CO012017/ PISTA DEPORTIVA APARCAMENTO.

Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE DEPORTE NA ZONA INTERMEDIA EXTERIOR DO PARKING ALDEA GRANDE”.

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 89/2017. CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDIMENTO

ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Acordouse adxudicar o expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DE PAPEL PARA O CONCELLO DE LALÍN”.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:EXPEDIENTE 650/2017. CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO XXIIIº RALI DO COCIDO.

Acordouse aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A ESCUDERÍA LALÍN-DEZA PARA A CELEBRACIÓN DO XXIIIº RALLYE DO COCIDO.

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:EXPEDIENTE 2432/2017. TARXETA DE APARCAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE 15/2017.

Acordouse aprobar a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 15/2017 con carácter provisional ata o 17/07/2018.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:EXPEDIENTE 3074/2017. ESCOLA DE VERÁN E CAMPAMENTOS URBANOS 2ª QUENDA. XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Acordouse a concesión de prazas reservadas para menores de familias en situación ou risco de exclusión social para a relación dos/as 41 menores de idade que figuran no expediente remitido.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:15 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.

